

## Programa <<CREANDO MELLORA>>

Dá nas teclas que importan:

análise, planificación e xestión participada

**Convoca:** Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop

**Destinatarias:** Cooperativas, con prioridade para aquelas asociadas a Espazocoop

### Convoca

**Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop**, dentro do Programa de actuación 2022 da Rede Eusumo, e do Programa Poises, convocado por Cepes co apoio do FSE.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.



### Obxecto

ESPAZOCOOP é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento a nivel organizativo das cooperativas e outras entidades de economía social.

Coñecida a situación existente (dun baixo nivel de xerencias profesionais nas entidades de economía social), dalle continuidade a prestar apoio aos procesos de mellora e consolidación convocando o Programa 'CREANDO MELLORA', para cooperativas, que se canaliza como un **programa de bolsas para procesos de mellora nas cooperativas**.

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar 4 COOPERATIVAS** para **incorporar** nelas a **persoas coa titulación axeitada** que realizarán **prácticas de apoio e mellora xerencial na mesma** durante **5 meses e 25 horas semanais**. As persoas bolseiras contan cunha axuda mensual que aboa EspazoCoop para desenvolver o seu labor, ademais a Unión encárgase do proceso de selección das persoas bolseiras.

A finalidade do Programa é mellorar as condicións nas que as cooperativas confrontan a función xerencial e os procesos de mellora nas súas organizacións.

## CARACTERÍSTICAS DE 'CREANDO MELLORA'

### Desenvolvemento dun Plan de Mellora

As persoas bolseiras seguen un Plan de Traballo, un programa formativo, teórico e práctico, de xerencia e mellora en cooperativas. Trátase de realizar un plan para a mellora xerencial e a consolidación na cooperativa. As bolseiras serán tituladas que contarán cunha persoa titora que se encarga de realizar seguimento e acompañamento dos traballos

prácticos que fai na empresa, como poden ser: acadar información relevante dos distintos ámbitos da organización, analizar as diferentes áreas, ordear a información acadada, realizar propostas, planificar, aplicar as accións de mellora que decida a dirección, realizar o seguimento das medidas tomadas na entidade, etc.

Para cada entidade beneficiaria dunha bolsa, os traballos que se realicen, terán un certo grao de adaptación ás necesidades e demandas que esta manifeste ou que se detecte máis necesaria na área xerencial.

## Quen pode solicitar 'Creando Mellora'?

Seguindo a seguinte orde de preferencia:

- 1 | **Cooperativas socias** de EspazoCoop, que reunan o perfil de beneficiarias do Programa.
- 2 | Se non se cubre o número previsto de Bolsas coas anteriores, poderanse incorporar **outras cooperativas non socias que teñan interese en mellorar o labor xerencial** e que non teñan persoal concreto e/ou profesionalizado para a xerencia.

En ámbolos dous casos o programa ten carácter **GRATUÍTO**.

## Selección de cooperativas

O proceso de selección consistirá en recoller información das cooperativas demandantes:

- 1 | Mediante un formulario.
- 2 | A Unión de cooperativas EspazoCoop, asemade, reservase a posibilidade de realizar entrevistas, visitas persoais ou outras accións encamiñadas a recabar máis información das cooperativas demandantes.

A valoración e selección das cooperativas beneficiarias do Programa CREANDO MELLORA, será realizada por unha Comisión na que participará persoal técnico de EspazoCoop.

## Compromisos das cooperativas seleccionadas

As cooperativas que sexan beneficiarias de Bolsa a través do Programa CREANDO MELLORA, por un lado, terán dereito a dispor dunha persoa bolseira na área xerencial, con acompañamento dunha titora de EspazoCoop, e por outro lado, adquirirán certas obrigas ou compromisos (de participación no Programa, de atención e colaboración coa persoa bolseira, etc.), que se indicarán dentro do proceso de selección e na guía de xestión do Programa, e se recollerán nun convenio de colaboración que será asinado entre a cooperativa beneficiaria, a persoa bolseira e EspazoCoop.

**Na cooperativa deben existir unhas condicións mínimas de atención e dedicación á Bolsa e á persoa bolseira**, tanto para que poida desenvolver os traballos encomendados, como para que a cooperativa tire proveito e contribúa á boa marcha da Bolsa.

O incumprimento das obrigas e compromisos por parte da entidade beneficiaria da Bolsa do Programa CREANDO MELLORA poderá conlevar a suspensión da mesma e, se é o caso, a reclamación de danos e prexuízos por parte da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

## Onde se desenvolve?

Como as persoas bolseiras **seguirán un programa formativo teórico – práctico** dinamizado por unha persoa titora, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- Nas instalacións da propia cooperativa.
- Nos lugares e instalacións que se estimen necesarios para impartir as actividades formativas e de titoría (locais da Unión de Cooperativas EspazoCoop).

Por elo é **importante que a cooperativa dispoña das condicións de espazo e de equipamento idóneos**, para que a bolseira poida traballar sen carencias durante a estada en prácticas.

## Titorías nas cooperativas

O Programa CREANDO MELLORA tamén prevé sesións de titorización dos traballos de mellora e xerenciais na propia cooperativa. Nestas titorías participará algunha persoa socia da cooperativa, a persoa bolsreira, e a titora de EspazoCoop.

## Datas de posta en marcha

O **proceso de selección**, tanto de cooperativas como das persoas bolsreiras, terá lugar **entre Marzo e Abril de 2022**.

A **estadía en prácticas** da persoa bolsreira na cooperativa, terá lugar entre o **2 de Maio e o 30 de Setembro de 2022**.

### SOLICITUDES : QUE PRESENTAR?

As cooperativas achegarán a **solicitud** e un **formulario en liña** cumprimentado para formalizar a súa demanda.

**1** | A **solicitud** pode achegarse en formato dixital (orixinal escaneado) ou en formato papel (orixinal). Deberá estar asinada pola presidencia e secretaría do consello reitor da cooperativa e levar o selo.

**Remitir** a solicitude por correo electrónico á Unión de Cooperativas EspazoCoop a: [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

**2** | O **formulario** de demanda de CREANDO MELLORA cumprimentarase en liña e o recibiremos automaticamente en EspazoCoop.

### INFORMACIÓN E CONSULTAS

No teléfono **986 866 149**, ou no correo electrónico [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes poderán presentarse ata o venres **11 de marzo de 2022**.

## ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitude implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte das cooperativas solicitantes.

En Santiago de Compostela, 25 de Febreiro de 2022